

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 12 DE SETEMBRO DE 2012.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 12 de setembro de 2012, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

D. RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE)

D^a. PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE)

D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE)

D. CARLOS TOMÉ FONDO. (PP).

D^a MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA. (PP)

D^a MARÍA DEL MAR COBAS CAJUSO. (PP)

D^a MÓNICA PATO MAGARIÑOS. (PP)

D. XESÚS PENA ESPÍÑA. (BNG)

NON ASISTE: D^a MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. (PSG-PSOE).

SECRETARIO: D. JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, Secretario do Concello.

Asiste a Interventora D^a. ANA MARÍA GÓMEZ PEÑA.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CAMBIO DO DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA.

2º) APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 20.06.2012 E DO 29.08.2012.

3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 15.06.2012 AO 07.09.2012.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE FESTIVOS LOCAIS 2013.

5º) RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO NO PLAN PROVINCIAL DE EMPREGO 2012.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O PLAN DTC 94: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A CONTA XERAL DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE 2011.

8º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS E DACIÓN DE CONTA DE INFORME DE AVALIACIÓN DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

9º) MOCIÓNS.

10º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CAMBIO DO DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA.

Dada conta da resolución da Alcaldía do 31.08.2012, ditaminada favorablemente a súa ratificación pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 11.09.2012, que transcrita di:

O Pleno do Concello en sesión de data 17.06.2011 aprobou a modificación do regulamento orgánico municipal, téndose publicado a mesma no BOP do 10.08.2011, establecendo que o Pleno ordinario correspondente ao mes de agosto trasladarase ao primeiro mércores do mes de setembro. En casos excepcionais e debidamente xustificados poderá adiantarse ou retrasarse pola Alcaldía a celebración do Pleno ordinario un máximo dunha semana, debendo en todo caso o Pleno como primeiro punto da orde do día ratificar o decreto da Alcaldía de cambio do día de celebración.

Resultando que a conta xeral do orzamento do Concello de 2011 remata a súa exposición pública con data 6 de setembro de 2012, un día despois da data prevista do Pleno ordinario, e que a mesma debe ser aprobada, no seu caso, polo Concello segundo o art. 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais antes do día 1 de outubro, para a súa rendición ao Consello de Contas de Galicia antes do 15 de outubro (art. 223).

Resultando que no mes de setembro non está prevista a celebración doutra sesión plenaria, agás circunstancias imprevisibles, e que o próximo Pleno ordinario corresponde ao día 17 de outubro, que impediría a rendición da conta dentro de prazo, e en virtude do principio de eficiencia polo aforro que supón esta medida nos actuais tempos de crise xeralizada, resolvo:

1º) Retrasar a sesión ordinaria que debía celebrarse o día 5 de setembro ao 12 de setembro, polos motivos expostos.

2º) Da presente resolución darase conta ao Pleno do Concello para os efectos da súa ratificación.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a ratificación dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (4) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda ratificada a resolución da Alcaldía nos seus propios termos.

2º) APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 20.06.2012 E DO 29.08.2012.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo ás actas das sesións do 20 de xuño e do 29 de agosto de 2012.

Sometidas a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobalas sen ningunha rectificación.

3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 15.06.2012 AO 07.09.2012.

Pola Alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben:

15.06.2012.- Convocatoria Pleno ordinario a celebrar o 20.06.2012 e convocatoria Comisións Informativas para 19.06.2012.

15.06.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1.304,35 euros (Editorial Galaxia SA).

15.06.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 183,87 euros (Maphre Familiar SA), con efectos de 13 de xuño de 2012.

15.06.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 665,09 euros (Maphre Familiar SA), con efectos de 14 de xuño de 2012.

15.06.12.- Aprobación das bases para a contratación para o GRUMIR.

19.06.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 35,40 euros (Cableuropa SAU).

20.06.12.- Suspende de xeito definitivo a prestación do servizo de acollida no CEIP de Brión.

20.06.12.- Autorización do fraccionamento do pago do canon da cafetería do Centro Social Polivalente.

20.06.12.- Aceptar a alegación dun veciño e non darlle de alta no padrón do lixo.

22.06.12.- Notificación de recibos de lixo pendentes de cobro.

22.06.12.- Autorización e disposición do gasto, e expedir a orde de pago sen a debida xustificación da obriga pola cantidade de 448,00 €, gastos para a excursión á Ribeira Sacra o día 23 de xuño de 2012.

22.06.12.- Contestación das alegacións presentadas referidas á taxa por saneamento e depuración.

22.06.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 2.550,43 euros (María Piñeiro Mourelle SL).

22.06.12.- Baixa definitiva de dous recibos da taxa de recollida de lixo correspondentes aos anos 2010 e 2011.

22.06.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 120,56 euros (Kaos On Line).

25.06.12.- Desautorización para uso da cancha sita entre urbanización Río Pego e Monte Balado.

25.06.12.- Modificación do obxecto e cota tributaria nuns recibos do padrón do lixo.

25.06.12.- Rectificación dun erro no decreto do padrón do lixo.

25.06.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 85,92 euros (Maphre Familiar SA).

27.06.12.- A non inclusión duns recibos no padrón do lixo.

28.06.12.- Adxudicación do servizo de "LIMPEZA NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE", á empresa Limpiezas Salgado SL, por un importe de 2.350,56 €

28.06.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1409,77 euros (Telefónica España).

28.06.12.- Contratación persoal laboral temporal do GRUMIR.

29.06.12.- Contratar o servizo de "RECOLLIDA DE ANIMAIS ABANDONADOS NO CONCELLO DE BRIÓN", mediante contrato menor á empresa La Rosaleda de La Coruña SL.

29.06.12.- Aprobación da revisión de prezos do contrato privado de aluguer de inmovible sito en Avenida de Santa Minia 42.

29.06.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 500 euros (Asociación Cultural Zocco de Santiago).

29.06.12.- Pago extra xuño traballadores.

29.06.12.- Pago nómina a traballadores.

29.06.12.- Convocatoria sesión extraordinaria XGL a celebrar o 2 de xullo.

29.06.12.- Pago de produtividade.

29.06.12.- Recoñecemento 2º trienio dunha traballadora.

29.06.12.- Pago de gratificacións a un funcionario.

29.06.12.- Pago de gratificacións a un laboral.

29.06.12.- Pago diferenza específico interventor accidental.

02.07.12.- Requerir á entidade avalista Banco Pastor S.A. para que proceda ao ingreso da cantidade de 593,05 euros por resolución do contrato coa empresa IT-PROJECT.

02.07.12.- Anular a alta no padrón de recollida de lixo para o 2012 dun inmovible a nome de URBAN ALKIRÁ, S.L.

02.07.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 94,34 euros (CP Agro Novo).

02.07.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 484,65 euros (Telefónica Móviles).

02.07.12.- Adquisición de tres tarxetas metropolitanas da área de Transporte Metropolitano de Santiago para tres veciños en situación de emerxencia.

03.07.12.- Aceptación renuncia praza concedida da Escola Infantil Municipal.

04.07.12.- Concesión de subvención á Asociación Banda de Música Municipal de Brión por importe de 3.500 €

04.07.12.- Concesión dunha subvención á Asociación de Caza Altamira por importe de 2.500 €

04.07.12.- Concesión dunha subvención ao Clube de Fútbol Sociedade Deportiva Brión por importe de 4.900 €

04.07.12.- Concesión dunha subvención ao Clube de Fútbol Bastavales Unión Deportiva por importe de 6.300 €

04.07.12.- Concesión dunha subvención ao Clube de Fútbol Sociedade Deportiva Luaña por importe de 2.000 €

04.07.12.- Concesión dunha subvención á Asociación Festa do Cabalo por importe de 1.200 €

04.07.12.- Concesión dunha subvención á Asociación Carballeira por importe de 1.000 €

- 04.07.12.- Concesión dunha subvención á Asociación de Mulleres Xuntanza por importe de 1.200 €
- 04.07.12.- Concesión dunha subvención ao CEIP DE PEDROUZOS por importe de 3.000 €
- 04.07.12.- Concesión dunha subvención ao IES DE BRIÓN por importe de 2.000 €
- 04.07.12.- Interposición de recurso contencioso-administrativo contra a desestimación por silencio, por parte da Xunta de Galicia, do requirimento formulado polo Concello para o cumprimento do convenio suscrito entre o Concello de Brión e a Xunta relativo á execución das variantes AC-300 e AC-451, ramais de acceso á autovía Santiago-Brión.
- 04.07.12.- Liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de xullo de 2012.
- 04.07.12.- Liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de xuño de 2012.
- 04.07.12.- Liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondentes ao mes de xuño 2012.
- 04.07.12.- Pago produtividade a funcionarios.
- 05.07.12.- Liquidación da Xunta de Goberno Local celebrada o 2 de xullo de 2012.
- 05.07.12.- Inclusión no Programa de Axudas ao Transporte presentadas entre os días 1 a 29 de xuño de 2012.
- 05.07.12.- Inicio expediente de limpeza de fincas no lugar de Souto.
- 05.07.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 100 euros (CP Agro Novo).
- 06.07.12.- Inicio expediente de limpeza de fincas no lugar de Alqueidón.
- 06.07.12.- Inicio expediente de limpeza de fincas en Gontade.
- 06.07.12.- Desestimación dunha reclamación polo recibo do lixo.
- 06.07.12.- Estimar o recurso de reposición interposto VIVIENDAS PIÑEIRAL S.L.U., contra a liquidación do ICIO por importe de 1.844,92 € aprobada en virtude de acordo da Xunta de Goberno Local de 20/01/2009.
- 06.07.12.- Aprobación do padrón fiscal das taxas polos servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de saneamento, correspondente ao 2º trimestre de 2012.
- 06.07.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 141,60 euros (Centyc Europa SL).
- 09.07.12.- Adopción das medidas para a posta en marcha do programa de "Distribución de alimentos excedentes da Unión Europea" para 2012.
- 09.07.12.- Aprobación inicial do padrón do lixo para o ano 2012.
- 10.07.12.- Altas padrón de habitantes do mes xuño.
- 10.07.12.- Baixas padrón de habitantes do mes xuño.
- 10.07.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 54.659,66 euros (Mancomunidade Serra do Barbanza).
- 10.07.12.- Autorización para celebrar o día 15 e 16 de xullo de 2012 os festexos de NOSA SEÑORA DO CARME no lugar de A Igrexa-Bastavales.
- 10.07.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 715,93 euros (Generali España SA).
- 11.07.12.- Inicio expediente de limpeza de fincas en Xinzo.
- 11.07.12.- Inicio expediente de limpeza de fincas en Cantelar.
- 11.07.12.- Aprobación expediente modificación de créditos MC 4/12.

11.07.12.- Aprobación expediente modificación de créditos MC 5/12.

12.07.12.- Inicio expediente de limpeza de fincas en Gundín.

12.07.12.- Inicio expediente de limpeza de fincas en Av/ de Noia.

12.07.12.- Imposición a un veciño dunha 2ª multa coercitiva de 1.000 € por incumprimento da orde de demolición na aldea da Gándara.

12.07.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 109.482,63 euros (facturas varias).

12.07.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 6.134,24 euros (Tradeal).

12.07.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 75,14 euros (Mapfre Familiar).

12.07.12.- Reintegro subvención á Consellería Traballo polo importe de 1.605,80.

12.07.12.- Reintegro subvención á Consellería Traballo polo importe de 24.198,35.

17.07.12.- Elevar a definitivo o acordo de aprobación da modificación de créditos MC 3/2012.

17.07.12.- Aprobar a lista de familias beneficiarias da primeira fase de distribución de alimentos excedentes da Unión Europea para 2012.

17.07.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 35,40 euros (Cableuropa SAU).

17.07.12.- Expediente sancionador tráfico.

18.07.12.- Convocar sesión ordinaria da Comisión Informativa Especial de Contas do Concello para o día 7 de agosto de 2012.

18.07.12.- Alta dunha veciña no Programa de Axudas ao Transporte para persoas en situación de emerxencia.

18.07.12.- Autorización para celebrar o día 22 de xullo de 2012 os festexos de NOSA SEÑORA DO CARME no lugar de A Igrexa-Luaña.

18.07.12.- Concesión dunha axuda de emerxencia social a un veciño.

18.07.12.- Reintegro subvención á Consellería Traballo polo importe de 2.040,38 €.

19.07.12.- Devolución de ingresos indebidos a un veciño, polo concepto de multa de tráfico.

20.07.12.- Autorización de horario flexible a dúas traballadoras.

23.07.12.- Permiso para examinar os expedientes de concesión de subvencións ás asociacións do Concello de Brión dos anos 2011 e 2012.

23.07.12.- Permiso para examinar un expediente relativo a un muro levantado no lugar de Romarís.

24.07.12.- Embargo de nómina dun traballador.

26.07.12.- Inicio das obras do Proxecto de mantemento de beirarrúas no Concello de Brión (POS 2012).

26.07.12.- Aprobación expediente MC 06/2012.

26.07.12.- Aprobación expediente MC 07/2012.

26.07.12.- Aprobación expediente MC 08/2012.

26.07.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 5,90 euros (Comercial Barcia Pazos SL).

27.07.12.- Interposición de recurso contencioso-administrativo contra a desestimación por silencio, por parte da Consellería de Cultura relativa á reparación de danos e desperfectos no edificio do antigo IES de Esparís-Viceso.

27.07.12.- Desestimación do recurso de reposición interposto por URBAN SERVICIOS INMOBILIARIOS, S.L. contra resolución de Alcaldía relativo ao uso da licenza de apertura outorgada no Lugar de Rouris.

27.07.12.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña por importe de 40,00 euros, pagados en concepto de prezo público pola actividade de piragüismo.

27.07.12.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña por importe de 40,00 euros, pagados en concepto de prezo público pola actividade de piragüismo.

30.07.12.- Aprobar a xustificación da subvención concedida ao CEIP e ao IES de Brión das axudas para proxectos e actividades educativas e culturais complementarias emprendidas polos centros educativos 2011.

30.07.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1.400,07 euros (Telefónica España).

31.07.12.- Autorización para celebrar o día 5 e 6 de agosto os festexos de SAN SALVADOR no lugar de Soutullos-San Salvador.

31.07.12.- Adscribir con efectos do 1 de agosto de 2012 a un traballador para a execución da obra "Proxecto de mantemento de estradas no Concello de Brión".

31.07.12.- Adscribir con efectos do 1 de agosto de 2012 a un traballador para a execución da obra "Proxecto de mantemento de estradas no Concello de Brión".

31.07.12.- Adscribir con efectos do 1 de agosto de 2012 a dous traballadores para a execución da obra "Proxecto de mantemento de estradas no Concello de Brión".

31.07.12.- Esixir o reintegro de dous pagos emitidos debido ao erro material.

31.07.12.- Pago de nóminas.

31.07.12.- Cambio de titularidade dun recibo no padrón do lixo 2012.

31.07.12.- Pago gratificacións a un laboral.

31.07.12.- Recoñecemento trienios de catro laborais.

01.08.12.- Aprobación definitiva do padrón do lixo correspondente ao ano 2012.

01.08.12.- Aprobar a xustificación presentada pola Asociación de Mulleres Xuntanza.

01.08.12.- Deixar sen efecto a concesión das dúas subvencións á Asociación Chisem. Prevención e Intervención Psicolóxica por non se ter presentado a xustificación das mesmas.

01.08.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 537,67 euros (facturas varias).

02.08.12.- Compensar a cantidade de 1.251,22 euros en concepto de liquidación do imposto sobre actividades económicas do exercizo 2011 á entidade mercantil Urban Portfolio Inmobiliario S.L.

02.08.12.- Altas padrón de habitantes do mes xullo.

02.08.12.- Baixas padrón de habitantes do mes xullo.

02.08.12.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondentes ao mes de xullo 2012.

02.08.12.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a correspondentes ao mes de xullo 2012.

02.08.12.- Aprobar a liquidación das taxas pola prestación dos servizos de días soltos de comedor da escola infantil municipal correspondentes ao mes de xullo de 2012.

02.08.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 44.224,93 euros (Gas Natural SUR).

02.08.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 37.987,50 euros (Unión Fenosa Comercial SL).

- 03.08.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 4.590 euros (asistencias dos concelleiros ás sesións do 1º trimestre).
- 03.08.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 3.600 euros (asistencias dos concelleiros ás sesións do 2º trimestre).
- 03.08.12.- Ordear o ingreso das cantidades retidas nos meses de abril, maio, xuño e xullo de 2012, por importe de 1.200 €, e correspondentes a un traballador, a favor do Xulgado de Primeira Instancia nº 6 de Santiago de Compostela.
- 03.08.12.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña por importe de 200,00 euros pagados en concepto de prezo público pola viaxe da mocidade a Málaga.
- 03.08.12.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña por importe de 200,00 euros pagados en concepto de prezo público pola viaxe da mocidade a Málaga.
- 03.08.12.- Devolución de ingresos indebidos a un veciño por importe de 8,00 euros, pagados en concepto de prezo público pola actividade de sendeirismo.
- 03.08.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 27.318,25 euros (Mancomunidade Serra do Barbanza).
- 06.08.12.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación da ordenanza reguladora da taxa pola utilización do complexo da piscina cuberta municipal de Brión.
- 06.08.12.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da ordenanza fiscal núm. 11 T reguladora da taxa pola licenza de apertura de establecementos ou pola actividade de control posterior daquelas actividades sometidas a comunicación previa ou declaración responsable.
- 06.08.12.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación do regulamento interno de acción voluntaria do Concello de Brión.
- 06.08.12.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación do regulamento dos ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Brión.
- 06.08.12.- Finalización de expediente tramitado por terse restaurado a legalidade urbanística no lugar de Pérros.
- 06.08.12.- Delegación de sinatura do Convenio de Colaboración entre a Deputación e o Concello de Brión en garantía de prestación, implantación e funcionamento dos servizos sociais municipais ano 2012 na concelleira Patricia Vázquez Lamas.
- 06.08.12.- Incoar expediente de orde de execución requirindo a unha veciña para a execución da retirada das pedras do dominio público en Busto de Frades.
- 06.08.12.- Convocatoria de sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local a celebrar o 7 de agosto.
- 06.08.12.- Incoación expediente de reposición da legalidade urbanística a un veciño polas obras realizadas en Beca.
- 06.08.12.- Embargo de créditos a favor de Comercial Barcia Pazos S.L. por importe de 5,90 euros.
- 06.08.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 6,10 euros (Centyc Europa SL).
- 07.08.12.- Baixa dun veciño no padrón de habitantes.
- 07.08.12.- Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a unha veciña co obxecto de determinar a compatibilidade ou non das actuacións realizadas na aldea de Gándara.
- 07.08.12.- Inicio expediente limpeza de fincas en Lamiño.
- 07.08.12.- Inicio expediente limpeza de fincas en Espiñeiros.
- 07.08.12.- Inicio expediente limpeza de fincas en Mourentáns.

07.08.12.- Impoñerlle a un veciño unha multa coercitiva de 2.000 € (dous mil euros) por incumprimento da orde de demolición.

07.08.12.- Autorización para celebrar o 15, 16, 17 e 18 de agosto de 2012 os festexos de Nosa Señora dos Ánxeles.

07.08.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 2.781,44 euros (Wurth SL).

08.08.12.- Autorización para celebrar o 10 e 11 de agosto de 2012 os festexos de San Xulián.

08.08.12.- Inicio expediente limpeza de fincas en Cantelar.

08.08.12.- Inicio expediente limpeza de fincas en Av/ Santa Minia.

08.08.12.- Inicio expediente de baixa de oficio por inscrición indebida no Padrón de Habitantes.

08.08.12.- Inicio expediente sancionador tráfico.

09.08.12.- Aprobación definitiva do padrón fiscal conxunto das taxas por servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de saneamento, correspondente ao 2º trimestre de 2012.

09.08.12.- Participar no Plan Provincial de Emprego 2012.

09.08.12.- Renovación a un veciño da licenza municipal para a tenza de animais dos cualificados como potencialmente perigosos.

09.08.11.- Aprobar a petición feita por Espina&Delfín de obter unha copia en soporte CD-ROM do padrón de bens inmobles de natureza urbana correspondente ao ano 2011.

09.08.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 88.396,32 euros (facturas varias).

10.08.12.- Nomeamento da funcionaria Elisa Gómez, como secretaria accidental do Concello durante o día 16 de agosto.

10.08.12.- Nomeamento do funcionario do Concello José Antonio Bouzas Neo, como secretario accidental do Concello durante o prazo do 17 de agosto ao 7 de setembro.

10.08.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 19.292,70 euros (Plan de Transporte Metropolitano de Galicia).

10.08.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 5.033,25 euros (facturas varias).

10.08.12.- Inicio expediente limpeza de fincas en Gundín.

10.08.12.- Inicio expediente limpeza de fincas en Av/ dos Ánxeles.

10.08.12.- Inicio expediente limpeza de fincas en Av/ de Noia.

10.08.12.- Inicio expediente limpeza de fincas en Xinzo.

10.08.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 13.335,51 euros (Feiraco).

10.08.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 6,10 euros (Centyc Europa SL).

10.08.12.- Inicio expediente limpeza de fincas en Cirro.

14.08.12.- Inicio expediente limpeza de fincas en Cantelar.

14.08.12.- Inicio expediente limpeza de fincas en Vilariño.

16.08.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 100 euros (CP Agro Novo), con efectos 2 de agosto.

17.08.12.- Autorización para celebrar os días 30 e 31 de agosto de 2012, os festexos na honra de San Ramón, no lugar do Tremo.

17.08.12.- Inicio expediente limpeza de fincas en Osebe.

17.08.12.- Inicio expediente limpeza de fincas en Lamiño.

17.08.12.- Inicio expediente limpeza de fincas en Nináns.

17.08.12.- Inicio expediente limpeza de fincas en Aguiar.

17.08.12.- Aprobación MC 9/2012.

17.08.12.- Aprobación liquidación taxas XGL celebrada o 7 de agosto.

17.08.12.- Aprobación da liquidación das taxas dun acordo da XGL celebrada o 7 de agosto.

20.08.12.- Autorización para celebrar os días 25 e 26 de agosto de 2012, os festexos na honra de San Arandel.

20.08.12.- Incorporación ao servizo de axuda no fogar básico dun veciño.

20.08.12.- Concesión dunha axuda de emerxencia a un veciño.

20.08.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 35,40 euros (Auna Telecomunicaciones).

21.08.12.- Autorización para celebrar o día 26 de agosto de 2012, os festexos na honra da Virxe do Rosario, no lugar de A Graña.

22.08.12.- Aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas das Escolas Musicais 2012/2013.

23.08.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 27.318,25 euros (Mancomunidade Serra do Barbanza).

23.08.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 384,68 euros (Novoneón Rótulos).

23.08.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 4.824,56 euros (Feiraco).

28.08.12.- Convocatoria sesión extraordinaria urxente a celebrar o 29 de agosto.

28.08.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1.400,07 euros (Telefónica).

29.08.12.- Contratación servizo de Catering Festa dos Maires 2012 a Jaime Tojo Espiñeira polo importe máximo de 17.160 €

29.08.12.- Pago gratificacións a un funcionario.

29.08.12.- Pago gratificacións a un laboral.

29.08.12.- Pago de nóminas.

29.08.12.- Pago de produtividade a un funcionario.

29.08.12.- Pago diferenza específico secretario accidental.

30.08.12.- Designación dos lugares especiais para a colocación gratuíta de carteis de propaganda electoral.

30.08.12.- Designación dos locais oficiais para celebración de actos de propaganda electoral.

30.08.12.- Aprobación da xustificación presentada pola asociación Bastavales Unión Deportiva polo importe total de 6.300,00 euros.

30.08.12.- Aprobar o proxecto de xestión compartida do servizo obradoiro de emprego "ENCANTRO VERDE", por importe de 359.182,71 € e solicitar a subvención á Consellería de Traballo.

30.08.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 11,13 euros (JC Corurier SL).

31.08.12.- Baixa dunha veciña no servizo de axuda ao fogar básico.

31.08.12.- Retraso da sesión ordinaria que debía celebrarse o día 5 de setembro ao 12 de setembro.

31.08.12.- Delegar o exercicio das funcións da Alcaldía no 3º Tenente de Alcalde D. José Pedro Cambón Fernández, durante o 3 ao 7 de setembro.

03.09.12.- Inicio expediente limpeza fincas en Aguiar.

03.09.12.- Autorización ao acceso ao pavillón o día 9 de setembro de 8 a 15 horas para a realización da I RUTA BTT RIO TAMBRE-BRION.

03.09.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 357,96 euros (Telefónica Mviles).

03.09.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 100 euros (CP Agro Novo).

04.09.12.- Autorización para celebrar o día 9 de setembro de 2012, os festexos na honra Nosa Señora dos Milagros, no lugar de A Igrexa, parroquia de Bastavales.

04.09.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 200,60 euros (Centyc Europa).

05.09.12.- Inicio expediente limpeza fincas en Nináns.

05.09.12.- Aceptación a cesión do terreo de 40,85 m² de superficie da finca 867 B1, cedida por Luís Couselo García.

05.09.12.- Requerimento para retirar o vehículo modelo Lancia Delta, cor vermello, con número de placa de matriculación C-2954-BP do depósito.

05.09.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 891,80 euros (CP Agro Novo e Maphre).

06.09.12.- Altas no padrón de habitantes correspondentes ao mes de agosto.

06.09.12.- Baixas no padrón de habitantes correspondentes ao mes de agosto.

07.09.12.- Convocatoria sesión ordinaria Pleno a celebrar o 12 de setembro e Comisións Informativas para o 11 de setembro.

O Pleno queda enterado.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE FESTIVOS LOCAIS 2013.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 10.08.2012, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 11.09.2012, que transcrita di:

Visto o Decreto da Consellería de Traballo e Benestar 169/2012, do 1 de agosto, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2013 (DOG 153, do 10.08.2012), propoño a adopción do seguinte acordo:

1º) Propoñer como festivos locais deste Concello para 2013 as seguintes datas:

-. O xoves 9 de maio de 2013 (festas da Ascensión) e o venres 27 de setembro de 2013 (festividade de Santa Minia).

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (4) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

5º) RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO NO PLAN PROVINCIAL DE EMPREGO 2012.

Dada conta da resolución da Alcaldía do 09.08.2012, ditaminada favorablemente a súa ratificación pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 11.09.2012, que transcrita di:

Vista a Circular da Deputación Provincial da Coruña, de data 26.07.2012, con rexistro de saída núm. 22125, do 03.08.2012, pola que se remite información sobre o Plan de Emprego da provincia da Coruña 2012, e vista a memoria orzamentada confeccionada pola arquitecta técnica municipal para a realización da obra: Programa de actuacións de limpeza de pistas no Concello de Brión, cun presuposto de 64.928,54 euros, onde se prevé a contratación pola Deputación de tres peóns e un albanel.

Visto o disposto no art. 15 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no artigo 47.2.h) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e considerando urxente a remisión da documentación posto que no prazo concedido non está prevista a celebración de ningunha sesión plenaria, resolvo:

1º) Participar no Plan Provincial de Emprego 2012 para levar a cabo a obra ou servizo que se indica a continuación e que se detalla na memoria referenciada.

Obra ou servizo a realizar:

Mantemento de infraestruturas viarias, limpeza de viales urbanos e áreas verdes, de titularidade municipal: Programa de actuacións limpeza de pistas no Concello de Brión.

2º) Encomendar á Deputación Provincial da Coruña (segundo o Plan de Emprego 2012) a realización das tarefas sinaladas.

Así mesmo, o Concello se compromete a subministrar a maquinaria, a ferramenta, o equipamento e os materiais (os equipos de protección individual, tales como roupa de traballo, botas, casco, luvas de traballo, etc, serán facilitados pola Deputación aos traballadores contratados) para a realización das tarefas solicitadas segundo a memoria confeccionada.

3º) Da presente resolución darás conta ao Pleno do Concello na primeira sesión que celebre para os efectos da súa ratificación.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a ratificación dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (4) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda ratificada a resolución nos seus propios termos.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O PLAN DTC 94: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 31.08.2012 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 11.09.2012, que transcrita di:

Vista a Circular da Deputación Provincial da Coruña de data 27.07.2012, sobre a comunicación da aprobación das bases reguladoras do Plan DTC 94: Unha Deputación para todos os Concellos, que foron publicadas no BOP do 01.08.2012, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Participar no “Plan DTC 94: Unha Deputación para todos os concellos” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:

A) Obras e suministros:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
TOTAL			

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

B) Honorarios de redacción de proxectos de obras

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL	OUTRAS ACHEGAS
TOTAL				

C) Achegas municipais a outros plans, programas ou convenios

DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN E DO PLAN OU PROGRAMA NO QUE SE INCLUE	FINANCIAMENTO DESAGREGADO	ACHEGA PROVINCIAL APLICADA
TOTAL		

D) Financiamento do gasto corrente do Concello da anualidade 2012

Concello	Cantidade asignada neste plan que se aplica ao financiamento dos gastos correntes 2012	Achega POS 2012 de gasto corrente	Outras achegas
BRIÓN	205.896,90	140.479,58	0

E) Resumo

	Deputación	Concello	Outras achegas	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS				
SUBTOTAL HONORARIOS REDACCIÓN PROXECTOS				
SUBTOTAL ACHEGAS A OUTROS PLANS, PROGRAMAS OU CONVENIOS				
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	205.896,90	147.624,36	47.000,00	400.521,26
TOTAL	205.896,90	147.624,36	47.000,00	400.521,26

2º) Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

3º) Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial.

4º) Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5º) Facultar expresamente á Alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (4) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A CONTA XERAL DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE 2011.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 07.09.2012 que transcrita di:

Formulada e rendida a conta xeral do orzamento do Concello de 2011, e ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 7 de agosto de 2012, sometida a exposición pública durante o prazo de quince días hábiles consonte co art. 212 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, mediante anuncio no BOP núm: 151, do 9 de agosto de 2012 e no taboleiro de edictos do Concello e non presentándose durante dito prazo e os oito días hábiles seguintes ningunha reclamación, reparo ou observación, segundo certificación de Secretaría obrante no expediente, propónse a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a conta xeral do orzamento do Concello de 2011.

2º) Consonte co art. 212 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, rendir a conta xeral para a fiscalización externa ao Consello de Contas de Galicia, ao abeiro do disposto na Resolución do Consello de Contas de Galicia do 11 de xullo de 2011, pola que se ordena a publicación do acordo do pleno da institución do 3 de maio de 2011, polo que se aproba a instrución que regula o formato normalizado da conta xeral das entidades locais en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición (DOG do 18.07.2011), debendo remitirse a mesma por Intervención.

Debate:

A Srª. Concelleira Vázquez García sinala que esperemos que se teñan en conta os reparos da Intervención, non por nada, porque ás veces os concellos por descoñecemento non fan as cousas correctamente.

O Sr. Alcalde sinala que procuramos ter en conta todas as recomendacións, pero que incluso este Pleno ten levantado algún reparo cando unha actuación tiña que facerse de xeito urxente e esta Alcaldía xa tomou as medidas para que se lle avisase por Intervención con antelación, e remata sinalando que tamén a Alcaldía lle gustan as cousas ben feitas.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (4) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

8º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS E DACIÓN DE CONTA DE INFORME DE AVALIACIÓN DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 07.09.2012, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 11.09.2012, que transcrita di:

Ante circunstancias sobrevidas á aprobación do orzamento e debido á necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, é necesario realizar axustes en varias partidas, dado que non existe no orzamento da corporación crédito ou este é insuficiente, tales como:

- Conexión das fosas sépticas e supresión das mesmas á rede xeral de saneamento no lugar de Romarís.
- Adecuación garaxe casa do Concello para o banco de alimentos.
- Indemnización por ocupación de finca en Soigrex, Os Ánxeles.
- Certificación final (liquidación) obra de adecuación de servizos municipais afectados polas obras de modificación na AC-300.
- Aportación municipal POS 2012, Obra mantemento de estradas no Concello de Brión.
- Aportación municipal POS 2012, Obra mantemento de beirarrúas no Concello de Brión.

Conforme ás disposicións vixentes, cando se deba realizar algún gasto para o que non exista crédito orzamentario ou este sexa insuficiente no orzamento vixente, a Corporación poderá acordar un crédito extraordinario ou un suplemento de crédito respectivamente. Tal modificación de créditos deberá atenderse indistintamente, co remanente líquido da tesourería dispoñible no momento da tramitación do expediente, procedente do sobrante da liquidación do exercicio anterior, con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente, ou ben anulando ou minorando o crédito necesario doutras partidas do orzamento, das dotacións que se estimen reducibles, sen perturbación do respectivo servizo. Tamén poderán financiarse con recursos procedentes de operacións de créditos nos casos previstos no art. 36 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Esta Alcaldía co debido asesoramento dos técnicos municipais, estima procedente tramitar o correspondente expediente de modificación de créditos, sendo os recursos que financiarán o citado expediente o remanente líquido de tesourería para gastos xerais, e na súa virtude, previo estudo das necesidades, de carácter inaplazable, someto á consideración do Pleno do Concello a modificación que a continuación se especifica e a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos MC 10/2012, de créditos extraordinarios e suplementos de créditos financiados con cargo a baixas por anulación parcial de outras partidas do estado de gastos do orzamento en vigor, por importe de **38.551,30 euros**, de acordo co seguinte esquema:

1º CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS (partidas non dotadas no orzamento)

PROX.	PARTIDA ORZAMENTARIA	FINS A QUE SE DESTINAN OS CRÉDITOS	CONSIGNACIÓN
	161/609.00	Obra de conexión das fosas sépticas e supresión das mesmas á rede xeral de saneamento no lugar de Romarís.	7.985,86
	920/629.00	Adecuación garaxe casa do Concello para o banco de alimentos.	2.383,70
	929/270.00	Indemnización por ocupación de finca en Soigrex, Os Ánxeles.	5.315,14
TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO			15.684,70

2º SUPLEMENTOS DE CRÉDITO (partidas dotadas insuficientemente)

PROX.	Partida Orzamentaria	Consignación antes deste expediente(€)	Aumento que se propón (€)	Total consignación resultante (€)	Causas da súa necesidade
2012001	155/609.00	77.255,15	5.407,87	82.663,02	Non se solicitou o préstamo que era a fonte de financiamento deste gasto
2012002	155/609.00	34.342,32	12.536,54	46.878,86	Non se solicitou o préstamo que era a fonte de financiamento deste gasto
2011006	453/609.00	49.699,36	4.922,19	54.621,55	Certificación (liquidación) final da obra
TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO					22.866,60

2º FINANCIAMENTO.

Para financiar os novos créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar os recursos seguintes:

A) Con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

B) Con cargo a novos ou maiores ingresos sobre os totais previstos no orzamento corrente.

C) Con cargo a baixas por anulación total ou parcial doutras partidas do estado de gastos do orzamento en vigor, cunhas consignacións susceptibles de redución por un importe total de 38.551,30.

PROX	Partida Orzamentaria	Consignación antes deste expediente (€)	Cantidade a anular ou minorar (€)	Consignación resultante (€)	Explicación da baixa na consignación
	151/120.00	7.522,38	136,58	7.385,80	O funcionario está en comisión de servizos
	151/120.01	6.593,70	467,28	6.126,42	A plaza esta vacante
	151/121.00	9.968,06	2.146,50	7.821,56	Un funcionario está en comisión de servizos e hai unha plaza vacante
	151/121.01	11.873,14	2.900,98	8.972,16	Un funcionario está en comisión de servizos e hai

					unha plaza vacante
	241/131.00	23.250,98	13.741,09	9.509,89	Concedeuse unha subvención que cubre o custo de persoal
	241/160.00	21.199,86	3.000,00	18.199,86	Concedeuse unha subvención que cubre o custo de persoal
	323/131.00	43.406,89	11.638,13	31.768,76	Concedeuse unha subvención que cubre o custo de persoal de febreiro a decembro
	323/160.00	15.338,32	4.520,74	10.817,58	Concedeuse unha subvención que cubre o custo de persoal de febreiro a decembro
	TOTAL		38.551,30		

D) Recursos procedentes de operacións de crédito.

Importe total do financiamento.....	38.551,30€
c) Con cargo a baixas por anulación total de outras partidas.....	38.551,30 €

2.- Declarar a non dispoñibilidade, de determinados créditos previstos inicialmente no orzamento 2012, estes gastos preveían ter como fonte de financiamento unha operación de préstamo que non vai a ser solicitada ás entidades financeiras. Polo tanto se considera necesaria a declaración de non dispoñibilidade de determinados créditos, na parte non financiada e así manter o equilibrio orzamentario.

Os créditos propostos para a declaración de non dispoñibilidade, son os seguintes:

PROX.	Partida Orzamentaria	Importe declarado non dispoñible	Causas da súa necesidade
2012001	155/609.00	5.407,87	Obra mantemento de estradas no Concello de Brión.(POS 2012)
2012002	155/609.00	12.536,54	Obra mantemento de beirarrúas no Concello de Brión.(POS 2012)

Importe total dos créditos declarados non dispoñibles.....17.944,41 €

3.- Expoñer o expediente de modificación de créditos ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presenten reclamacións ao acordo entenderase definitivamente adoptado, debendo publicarse dicha modificación do orzamento, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2 en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aprueba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

E dada conta igualmente do informe de Intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria do expediente de modificación de créditos MC 10/2012, do 7 de setembro de 2012, que transcrito na súa conclusión di:

Se conclúe do cálculo anterior a capacidade de financiamento deste Concello, polo tanto, a situación é de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC 95, polo que, de conformidade co previsto nos artigos 15 e 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, procede:

a) Elevar este informe ao Pleno para a súa toma de razón.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (4) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos, tomando igualmente coñecemento do informe de Intervención.

9º) MOCIÓNS.

Non se presentou ningunha.

10º) ROGOS E PREGUNTAS.

1. Pregunta por escrito do grupo Mixto (BNG):

A prensa escrita deste pasado verán daba conta dunha información facilitada polo PP local na que se informaba da suposta ampliación do Centro de Saúde de Brión. O portavoz local do PP daba conta aos medios de que despois dun encontro na consellería correspondente esta lle confirmara a ampliación do Centro de Saúde.

Na mesma información, o Sr. Alcalde manifestaba que non tiña información ao respecto da dita ampliación.

Nesta situación do máis puro esperpento político, na que parte da oposición informa dun proxecto para o Concello e o Goberno local manifesta descoñecer tal proxecto, o noso grupo solicita saber:

- a) Como se atopa o proceso de ampliación do Centro de Saúde de Brión.
- b) Qué xestións se teñen feito nos últimos tempos.
- c) Si se ten confirmado que nos orzamentos da Xunta existe dotación orzamentaria para tal obra.

Responde o Sr. Alcalde que teño feitas xestións e non está prevista ningunha ampliación.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que hai un plan non sei de que ano onde figuraba un investimento para o centro de saúde, non recordo agora de cantos cartos; engade que iso que di vostede de que se ía facer agora teño que dicirle que non se vai facer agora, pero que está consignado nun plan vía convenio entre o Ministerio e a Xunta de Galicia; outra cousa diferente foi o que saíu no medio de comunicación dicindo que o PP de Brión confirmaba esa actuación para este ano, porque eu non dixen iso e teño copia da nota de prensa enviada.

O Sr. Alcalde sinala que no orzamento da Xunta deste ano non existe ningunha consignación para iso.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que si parece que é necesario que o centro se amplie se poñan en marcha os mecanismos para que se faga a ampliación e que vós como partido da oposición no Concello e no goberno da Xunta e o Alcalde como responsable municipal fagades as xestións necesarias para que se faga a ampliación.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que está previsto facelo, agora cando, eu non o sei.

O Sr. Alcalde sinala que o responsable do Centro de Saúde me dixo que non tiña coñecemento de nada e espero que cando se faga polo menos que se informe do proxecto a esta Alcaldía.

2. Rogo por escrito do grupo do PP:

Desde hai varias semanas tivemos coñecemento que no lugar de Busto de Frades (Cornanda) existe unha propiedade na que recentemente se construíu un muro de pedra. Na súa parte exterior cara á estrada, é dicir, en terreo público, se depositaron unha cantidade considerable de pedras.

Xirada visita ao lugar e tras falar con varios veciños do lugar, puidemos comprobar a realidade do asunto, xa que estas pedras invaden terreo que non é privado do propietario da finca.

Segundo as últimas chamadas recibidas por algún veciño, o número de pedras depositadas vai en aumento, dado que cada semana aparecen máis pedras invadindo o terreo público, e algunha delas, incluso molesta a algunha persoa cando transita co seu vehículo.

Por conseguinte elévase ao Pleno o seguinte rogo: Que o Alcalde de Brión ordene ao servizo urbanístico municipal que faga unha visita ao lugar, e previas as xestións pertinentes, ordene que sexan retiradas esas pedras e se deixe o lugar totalmente expedito.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que xa se quitaron algunhas pedras e relacionado con isto un veciño, creo que o Sr. Quintero, solicitou a ampliación dun camiño e teño constancia de que está alí a pala municipal polo que se pode aproveitar e facelo para evitar gastos.

O Sr. Alcalde sinala que xa se tramitou pero que irán os servizos urbanísticos para ver como está aquilo e tramitar o expediente necesario, agora eu o que non podo e quitalo do aí coa pala.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e trinta minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O Alcalde.

O Secretario.

Vº e Prace.

Asd. José Luis García García.

Asd. Javier Nieves González.